

Feiras



Chantada presume de viño

Centos de persoas asistiron á feira do viño que se celebrou en Chantada durante tres xornadas e que foi unha das máis concurridas dos últimos anos. O plato forte foi a degustación dos caldos que ofreceron trece bodegas da ribeira do Miño, aínda que ese non era o único atractivo do programa. A música tamén estivo presente e durante as tres xornadas actuaron charangas, grupos de gaitas, bandas e orquestras. Para os máis entendidos no viño organizáronse varias catas en restaurantes da zona e foron enólogos profesionais os que mostraron as cualidades dos caldos chantadinos. Un dos días máis concurridos do certame

foi o domingo. Nesa xornada tivo lugar a cata oficial e o pregón, pronunciado polo escritor Xulio López Valcárcel, que está vinculado á zona e que xa se encargara de dar o pregón das festas patronais chantadinas nunha ocasión. Pero por se a música, o viño, as catas e o pregón non eran oferta suficiente, a asociación de empresarios Centro Comercial Aberto de Chantada completou o programa cunha feira de oportunidades e unha mostra de produtos da terra e de artesanía que tamén estiveron moi concurridas, mentres que os gandeiros da comarca prepararon unha subasta de gando frisón á que asistiron numerosos profesionais do sector. Os hostaleiros recoñeceron que a do 2014 foi unha das mellores feiras do viño da historia. Fotos de T. Parga.

